PRÓLOGO

O II Ciclo de conferencias de Xénero, Actividade Física e Deporte tivo lugar no curso académico 2010-2011 na Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física e recibiu o apoio económico da Vicerreitoría de Cultura e Comunicación da Universidade da Coruña.

A iniciativa seguiu a mesma organización perseguiu idénticos obxetivos que o I Ciclo celebrado no período 2009-2010: poñer en relación as conferencias co curriculum formativo e non entendelas simplemente como actividades abertas, voluntarias e paralelas.

Partindo desta premisa continuouse coa idea de :

- Organizar cada ano académico unha conferencia para cada un dos cursos, en total catro por ano xa que temos implantado a totalidade do Grao.

- Conectar cada unha das conferencias a unha asignatura de cada curso, buscando relacións de contido.

- Contactar co profesor ou profesora correspondente e pedir a súa colaboración para deseñar unha actividade de aprendizaxe dentro da súa asignatura en relación co contido da conferencia.

Con este sistema organizativo acadabamos varios obxectivos:

- Que todo o alumnado matriculado na Facultade nun curso académico puidese recibir, alomenos, unha conferencia específica sobre xénero aplicada á actividade física e ao deporte. Polo tanto, conseguimos chegar a preto de 900 alumnos e alumnas.

- Que todo o alumnado puidese asistir, xa que as conferencias sempre se celebraban en horario lectivo.

- Que, ademais de asistiren, tivesen que tomar notas sobre o contido para relacionalo coa asignatura correspondente.

- Que o contido da conferencia formase parte da materia cara a avaliación.

Na primeira edición das conferencias de xénero seleccionamos as persoas máis representativas tanto no caso de España como de Portugal, pioneiras e

con traxectorias moi longas, e ademais eliximos a autoras de investigacións recentes referidas ao ámbito galego.

Neste II Ciclo de conferencias utilizamos o criterio de visibilizar a algunhas das persoas da Universidade da Coruña que están a traballar en temas de xénero dende outros centros e áreas pero que se conectan coa nosa Facultade.

Por este motivo foi convidada unha profesora da Facultade de Ciencias da Educación, Ana Iglesias Galdo, para construír un marco teórico de partida e reflexionar sobre o que significa educar para a igualdade: referir a desigualdade, clarificar significados de sexismo ou feminismo, propoñer a coeducación etc., partindo de datos recollidos nunha experiencia na propia cidade de A Coruña.

Asimesmo foi convidada unha docente da Escola Universitaria de Fisioterapia, especialista en obstetricia e uroxinecoloxía, para explicar a importancia de considerar exercicios físicos diferenciados para homes e mulleres, demostrando que a realización de certos abdominais nas mulleres, en circustancias concretas, pode chegar a ser perxudicial para a súa rexión pélvica.

Ademais das docentes da UDC pensamos en visibilizar o alumnado que, no Traballo de Fin de Grao, tratase a temática do xénero relacionada coa actividade física e o deporte. Unha vez feita a revisión dos presentados atopamos un traballo de calidade que, ademais de falar de xénero, tamén permitía explicar aos alumnos e alumnas do último curso do Grao a maneira de facer unha revisión bibliográfica e bibliométrica.

E, finalmente, para concretar a cuarta conferencia deste ciclo decidimos buscar unha experiencia práctica de coeducación nas aulas de Educación Física, polo que pensamos en Francisco Javier Guede, que é profesor de Educación Primaria no CEIP Amaro Refojo de Verín (Ourense) e traballa, dende hai máis de dez anos, en estratexias de coeducación. A súa intervención estivo apoiada por imaxes de vídeo que ilustraban o seu traballo nas clases prácticas.

Os criterios de selección explicados deron como resultado a participación de dúas conferencistas mulleres e de tres conferencistas homes, dado que os alumnos seleccionados eran dous pois fixeran o traballo en equipo. E esta cuestión axudounos a descubrir que o xénero do interlocutor é unha variable importante que desencadea actitudes diferentes nos asistentes. Percibimos que se entende como máis normal que unha muller fale de temas de xénero e reivindique a igualdade de oportunidades para as mulleres. Cando tratan destes temas os homes e falan da discriminación das mulleres, da inxustiza que representa, da necesidade de cambiar a mentalidade, da existencia dunha cultura machista que frea a igualdade..., ademais de actitudes de escoita no alumnado aparecían actitudes de sorpresa e expectación.

Continuamos co compromiso de publicar os textos e dar publicidade á iniciativa, conscientes de que, dende a Facultade de Ciencias do Deporte e a

Educación Física, hai tempo que iniciamos unha carreira de fondo que se prolongará no tempo, que terá novas convocatorias, e á que se van sumando, pouco a pouco, tanto mulleres como homes.

María José Mosquera González

Vicedecana de Estudantes e Extensión Universitaria
Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física
Universidade de A Coruña